O MUNCYT é un museo de titularidade estatal que promove o coñecemento, a cultura e a educación científica a través das coleccións históricas de ciencia e tecnoloxía, e como escaparate da ciencia actual. O museo conta con salas permanentes e exposicións temporais, así como con actividades educativas. Embárcate no Jumbo, un xigante dos ceos con moita historia, percorre a tecnoloxía a través das décadas do século XX, ven coñecer a cámara do tesouro ou as pezas de grandes dimensións da sala "Maiúsculas" para coñecer o importante patrimonio científico-tecnolóxico que atesoura o museo.

O Día da Ciencia na Rúa ás 11:30 h., 16:30 h. e ás 17:30 h. contaremos coas actividades familiares "Búsqueda do tesouro" e "O roubo do século (XX)". Ven co teu equipo e resolve por medio de diversos enigmas cal é a esta peza tan importante. Asegura a túa praza escribindo a reservascor@muncyt.es

5. Torre de Hércules

Un ano máis, a Torre de Hércules participa no Día da Ciencia na Rúa. Podería parecer que un monumento das características da nosa emblemática torre, construída hai dous mil anos, non ten nada que dicir nunha data dedicada á divulgación científica. Con todo, é moito o que pode achegar no desenvolvemento de temas científicos e tecnolóxicos.

Con motivo do XXIII Día da Ciencia na Rúa teremos xornada de portas abertas con visitas guiadas.

Avda. de Navarra s/n., A Coruña. Aberto de 10:00 a 18:00 horas.

6. Museo Arqueolóxico

O Castelo de San Antón, antiga fortificación construída para a defensa da cidade da Coruña, sitúase fronte ó Paseo do Parrote, na coñecida como "Illa da Pena Grande". Durante o seu período insular (ata os anos 40 do século XX), San Antón comunicouse coa cidade desde a Casa de Botes ou de O Boteiro, actualmente habilitada como biblioteca do Museo.

En 1960 o Ministerio do Exército cedeu o edificio ao Concello da Coruña, creándose o Museo Arqueolóxico e Histórico da cidade, que abre as súas portas ao público en 1968. De titularidade municipal, conserva e expón pezas da prehistoria e da historia relacionadas co castelo, coa cidade e con Galicia.

A exposición consta de tres seccións: arte medieval e heráldica (acceso e patio de armas), arqueoloxía (interior, planta baixa), historia do edificio e da cidade (interior, planta baixa e alta). A visita vese complementada co percorrido simultáneo pola arquitectura do castelo.

Paseo Marítimo Alcalde Francisco Vázquez, 2. A Coruña.
Aberto de 10:00 a 19:30.



7. Aula móvil Repsol

A aula móbil "O mundo da enerxía. Sabías que...?" de Fundación Repsol participa na celebración do Día da Ciencia na Rúa da Coruña.

Esta actividade totalmente gratuíta e dirixida a público de todas as idades achega as diferentes fontes de enerxía, así como a importancia de facer un consumo responsable, a través de paneis e distintas actividades guiadas por educadores especializados.

Os participantes poderán coñecer a cadea de valor do petróleo e o gas, os procesos de exploración e refino, o funcionamento das plantas petroquímicas e algúns dos produtos derivados que se obteñen do petróleo.

Onde?: Entrada ao Parque de Santa Margarita da avenida de Arteixo, A Coruña.
A quen vai dirixido?: a público de todas a idades..

Actividades paralelas

1. Pasacalles

Unha fanfarria que percorre pola maña varias áreas da cidade´, para máis tarde pasear polo Parque de Santa Margarita, anima o Día da Ciencia na Rúa. Este pasacalles está formado por:

- Doce cabezudos, que representan a científicos famosos, Isaac Newton, Albert Einstein, Arquímedes, Antoine de Lavoisier, Galileo Galilei, Marie Curie, Jacques Cousteau, Charles Darwin, Severo Ochoa, José Cornide de Saavedra e Francisco Javier Balmis, animan á cidadanía a participar no Día da Ciencia na Rúa.

- Malabares. A nota exótica e sonora corre a cargao de Pistacatro Produtora de Soños, que achega artistas de circo (zancudos, malabaristas...) e músicos (vento e percusión).

2. Espectáculo de Maxia

Pola mañá de 12:00 a 14:00

O mago Javier Muro leva facendo maxia desde 1984 e é meigo profesional desde o 2003. É membro da Asociación Magos Profesionais de Galicia (MPG). Realizará un espectáculo de maxia de proximidade, no que o mago se vai movendo entre o público facéndolles vivir a maxia nas súas propias mans. O público poderá gozar dos xogos de maxia a 40 cm dos seus ollos, onde obxectos correntes de pequeno tamaño como moedas, dedales, dados, cartas, etc., desaparecen, cambian de tamaño, cor, etc., para sorpresa do público. Todo moi participativo e máxico.

Pola tarde de 16:30 a 18:30

O Mago Xacobe fará un espectáculo de maxia combinada. Selección do repertorio do espectáculo de maxia de salón cos números máis impactantes de maxia de preto, emocións a escasos centímetros dos ollos dos espectadores. Moi visual e próximo, a maxia de preto sucede improvisadamente nas mans dos participantes.

3. Parque Infantil

A zona do anfiteatro do Parque de Santa Margarita está dedicada aos máis pequenos. Alí nenos e nenas poderán pasar un bo intre xogando nos inchables que se montarán para a ocasión: crocodilo, superheroes, safari e galeón.

Ademais, seis monitores guiarán a Gran Gymkana da Ciencia co profesor chiflado, onde pais, nais, nenos e nenas poden participar.

Tamén haberá un equipo de son propio, con música de actualidade. Todo achegado por Fantasía Animación.

4. Xogos

Neste día tratamos de entreter a todos, pero en especial aos máis pequenos. Por iso poñemos en marcha una serie de xogos con premios.

Os xogos son os seguintes:
- Lanzamento de avións de papel: alcance
- Lanzamento de avións de papel: tempo de voo
- Carreira de globos
- Carreira de caracois
- Carreira con zapatóns
- Fundir cubos de xeo
- Xogo da Jenga
- Torre de paus
- Enrolando a corda
- Xogo da pesca
- Xogo da ra
- Tres en raia

Os premios entregaranse no momento de finalizar os xogos.

4.1. Lanzamento de avións de papel: "Alcance"

Normas

1. Para participar no concurso de construción e lanzamento de avións de papel na modalidade de alcance, as persoas concursantes inscribiranse na categoría que lles corresponda. Categorías: a I ata os 11 anos e a II de 12 a 17 anos.

2. O concurso realizarase en dúas fases e para que se celebre deberá haber un mínimo de 10 persoas inscritas. En cada fase farase un só lanzamento, a persoa gañadora será quen consiga a maior distancia medida entre o punto de lanzamento e o de impacto no chan. Se o punto de aterraxe non é accesible repetirase o lanzamento.

3. Os e as concursantes deberán permanecer dentro do recinto fixado polo xuíz durante a realización das probas. O abandono do mesmo débeselle comunicar ao xuíz da proba xa que pode carrexar a descualificación.

4. Os avións deberán construílos exclusivamente as persoas participantes inscritas. Para iso, só poderán empregar o papel que se lles entregará ao comezo das probas de cada modalidade, non podendo engadir ningún outro elemento.

5. O xuíz valorará a proba de acordo cos seguintes criterios: Os lanzamentos faranse desde un círculo marcado no chan. Medirase a distancia desde o bordo do círculo ata o punto onde o avión quede parado. A persoa que concursa deberá permanecer dentro do círculo de lanzamento ata que o xuíz certifique a medición do lanzamento.

6. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

7. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

8. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. As persoas responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.
9. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa gañador ou gañadora final

10. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de situación do Parque.

11. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

4.2 Lanzamento de avións de papel: "tempo de voo"

Normas

1. Para participar no concurso de construción e lanzamento de avións de papel na modalidade «tempo de voo», as persoas concursantes inscribiranse na categoría que lles corresponda. Categorías: a I ata os 11 anos e a II de 12 a 17 anos.

2. O concurso realizarase en dúas fases e para que se celebre deberá haber un mínimo de 10 persoas inscritas. En cada fase farase un só lanzamento, gañará quen consiga o maior tempo de voo, cronometrado entre o instante de lanzamento e o de impacto co chan ou outro obxecto da contorna (árbore, xaima, etc.). Si o punto de impacto non é visible desde a ubicación do xuíz, repetirase o lanzamento.

3. Os avións deberán construílos exclusivamente as persoas participantes inscritas. Para iso, só poderán empregar o papel que se lles entregará ao comezo das probas de cada modalidade, non podendo engadir ningún outro elemento.

4. As persoas concursantes deberán permanecer dentro do recinto fixado polo xuíz durante a realización das probas. O abandono do mesmo débeselle comunicar ao xuíz da proba xa que pode carrexar a descualificación.

5. O xuíz valorará a proba de acordo cos seguintes criterios: Os lanzamentos realizaranse desde un círculo marcado no chan. Darase un primeiro sinal de alerta a cada concursante e, dous segundos despois, outro. O avión deberá lanzarse antes da segunda, quedando descualificada a persoa concursante que non lance cando esta se produza. Medirase o

tempo transcorrido desde o primeiro sinal ata que o avión toque terra ou calquera outro obxecto.

6. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

7. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

8. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. Os responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.

9. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa gañador ou gañadora final

10. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de si tuación do Parque.

11. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

4.3 Carreiras globos

Normas

1. A cada persoa concursante facilitaráselle un globo, un anaco de cinta adhesiva e un tubo de bolígrafo que xa estará na «pista».

2. O xogo consiste en inchar o globo ata un máximo que lle permita pasar polo aro do que dispón o xuíz, montalo na forma que se ve no debuxo e ao sinal do xuíz soltalo para que o aire que contén saia.

3. Existen dúas categorías: a I ata os 7 anos e a II de 8 a 11 anos.

4. Iniciarase cada xogo á hora prevista empezando pola categoría I e unha vez finalizada esta continuarase coa categoría II. A persoa gañadora será quen máis distancia percorra. En igualdade de condicións quen menos tempo empregue.

5. As persoas concursantes deberán permanecer dentro do recinto fixado polo xuíz durante a realización das probas. O abandono do mesmo débeselle comunicar ao xuíz da proba xa que pode carrexar a descualificación.

6. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

7. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

8. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. Os responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.

9. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa gañador ou gañadora final

10. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de situación do Parque.

11. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

4.4 Carreira de caracois

Normas

1. A cada persoa xogadora faráselle entrega dun caracol natural e a outros un «caracol» que terán que devolver ao finalizar a proba.

2. Existen duas categorías: I ata os 7 anos cos caracois naturais, II de 8 a 11 anos cos caracois en chapa. De ser o caso realizaranse 3 series para un máximo de 12 persoas xogadoras en cada categoría. A final de cada categoría disputarana quen se clasifique en primeiro lugar de cada serie. As series distribuiranse por rigorosa orde de inscrición.

3. Iniciarase cada xogo á hora prevista, empezando pola categoría I e unha vez finalizada esta continuarase coa II e a continuación a III. A carreira desenvolverase dentro de dous círculos de madeira. Un con círculos concéntricos para os máis pequenos e pequenas (categoría I) e outro onde están pintadas as pistas do xogo con cores do parchís. A saída e a meta están perfectamente indicadas.

4. As persoas concursantes deberán permanecer dentro do recinto fixado polo xuíz durante a realización das probas. O abandono do mesmo débeselle comunicar ao xuíz da proba xa que pode carrexar a descualificación.

5. O xogo consistirá en que cada persoa participante desprace o seu «caracol» soprando cunha cana e sempre por dentro da pista establecida, ata chegar á meta. A saída da pista traerá consigo a descualificación inmediata. Gañará, na categoría I, quen percorra mais espazo nun tempo determinado ou chegue ao centro. Nas outras o fará quen primeiro chegue co seu «caracol» á meta. Quedarán descualificadas todas aquelas persoas

xogadoras que despracen o seu «caracol» por outros métodos distintos do indicado.

6. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

7. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

8. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. Os responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.

9. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa un gañador ou gañadora final.

10. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de situación do Parque.

11. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

4.5. Carreiras con zapatóns

Normas

1. Existen dúas categorias: I ata os 7 anos e II de 8 a 17 anos.

2. Existen dúas categorias: I ata os 7 anos e II de 8 a 17 anos.

3. Cada dúas persoas participantes utilizarán dous zapatóns e terán que fixalos aos seus zapatos seguindo as instrucións do responsables deste xogo.

4. Deberán desprazar os zapatóns movéndose de forma coordinada.

5. Gañarán quen consigan desprazarse máis distancia en menos tempo.

6. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

7. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

8. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. As persoas responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.

9. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa gañador ou gañadora final

10. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de situación do Parque.

11. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

4.6. Fundir cubiños de xeo

Normas

1. Ao comezo de cada serie entregarase a cada persoa participante unha bolsa anudada que contén un cubo de xeo. As persoas concursantes permanecerán diante da mesa do xuíz sostendo a bolsa polo nó ata que finalice a entrega.

2. Existen dúas categorías: I ata os 7 anos e II de 8 a 11 anos.

3. As persoas concursantes deberán permanecer dentro do recinto fixado polo xuíz durante a realización das probas. O abandono do mesmo débeselle comunicar ao xuíz da proba xa que pode carrexar a descualificación. Iniciarase cada xogo á hora prevista empezando pola categoría I e unha vez finalizada continuarase pola categoría II.

4. Repartidas todas as bolsas, o xuíz dará a saída e poñerá en marcha o cronómetro. A partires dese instante, cada concursante poderá manipular a súa bolsa como queira. En ningún caso se pode abrir, romper ou perforar a bolsa, que deberá permanecer pechada durante toda a proba.

5. Cada persoa concursante deberá acudir ao xuíz só no momento en que todo o cubiño de xeo se fundira e quede na bolsa só auga procedente da fusión. O xuíz medirá e fará público o tempo empregado polas cinco primeiras persoas que entreguen a bolsa. Cada serie eliminatoria darase por finalizada cando o xuíz rexistre as sete primeiras persoas concursantes que fundan o cubiño de xeo por se existisen reclamacións. Todas as persoas concursantes deben entregar a bolsa unha vez acabada a serie.

6. Cando finalice a segunda serie, o xuíz convocará públicamente ás cinco primeiras persoas participantes de cada serie para disputar a final, que se realizará seguindo as mesmas normas que nas series eliminatorias. Concluída esta, o xuíz fará público o veredicto. Outorgarase un premio por proba sempre que o nú-

mero de persoas xogadoras sexa o correcto. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa un gañador ou gañadora final.

7. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

8. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

9. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. Os responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.

10. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa gañador ou gañadora final

11. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de situación do Parque.

12. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

4.7 Jenga

Normas

1. As persoas xogadoras montarán unha torre colocando tres bloques por piso, alternando a dirección de cada piso. Poden axudarse do soporte para a montaxe.

2. Existen dúas categorías: I ata os 7 anos e II de 8 a 17 anos.

3. Dúas persoas xogadoras colocásense fronte á torre e competirán entre elas. Iniciarase cada xogo á hora prevista, empezando pola categoría I e unha vez finalizada esta continuarase coa categoría II. O tempo máximo de duración de cada xogo será de 15 minutos, pasado ese tempo se non existise gañador ou gañadora eliminaranse ás dúas persoas xogadoras.

4. O xogo consiste en quitar, cunha soa man, un bloque que queiras situado por baixo do último piso que hai que deixar completo. Pódense tocar os bloques para tratar de atopar un que estea solto.

5. Cada bloque extraído colocarase encima da torre. Esperarase 10 segundos. Se a torre cae, esta persoa xogadora perdeu, se a torre segue en pé, é a quenda da seguinte persoa en xogar. Se queres gañar, debes ser o último ou última que apile un bloque sen que caia a torre.

6. As persoas gañadoras de cada serie irán pasando diferentes eliminatorias ata o enfrontamento final dos e das mellores.

7. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

8. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

9. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. Os responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.

10. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa gañador ou gañadora final

11. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de situación do Parque.

12. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

4.8. Torre de paus

Normas

1.A cada persoa concursante facilitaráselle unha caixa con "paus".

2. O xogo consiste en construír unha torre o máis alta posible; para iso utilizaranse os "paus" da caixa.

3. Existen dúas categorías: categoría I ata os 7 anos e categoría II de 8 a 17 anos.

4. A persoa gañadora será quen consiga construír a torre máis alta no menor tempo, e para decidir o gañador ou gañadora poderanse establecer varias series eliminatorias ata o enfrontamento final dos mellores.

5. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

6. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

7. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. Os responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.

8. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa gañador ou gañadora final

9. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de situación do Parque.

10. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

4.9. Enrolando a corda

Normas

1. A cada concursante facilitaráselle un pau do que colga unha corda en cuxo extremo pende un peso.

2. O xogo consiste en enrolar a corda ao redor do pau sen apoiar en ningun sitio.

3. Existen dúas categorías: I ata os 7 anos e II dos 8 aos 11 anos

4. A persoa gañadora será quen consiga enrolar a corda no menor tempo.

5. As persoas gañadoras de cada serie e de cada categoría, irán pasando diferentes eliminatorias ata o enfrontamento final dos mellores.

6. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo.

7. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

8. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. Os responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.

9. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa gañador ou gañadora final

10. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de situación do Parque.

11. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

4.10. Pesca

Normas

1. A cada concursante facilitaráselle unha cana ou similar da que colga unha corda en cuxo extremo hai un gancho.

2. O xogo consiste en pescar, mediante o gancho o maior numero posible de parrulos de plástico para obter un máximo de puntos, xa que cada parrulo ten na parte baixa unha puntuación.

3. Existen dúas categorías: I ata os 7 anos e II dos 8 aos 11 anos.

4. A persoa gañadora será quen consiga colocar na cesta que se entrega ao efecto un numero de parrulos que sumen o máximo de puntos. En caso de empate, o xuíz da proba establecerá os criterios para o desempate.

5. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

6. O horario de cada xogo decidiranse en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

7. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

8. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

9. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. Os responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.

10. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa gañador ou gañadora final

11. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de situación do Parque.

12. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

4.11. Xogo da ra

Normas

1. A cada concursante facilitaránselle 10 fichas para xogar.

2. Existen dúas categorías: I ata os 7 anos e II de 8 a 17 anos.

3. O xogo consiste en lanzar as fichas desde unha distancia de 3.80 m desde a raia de tiro ata o centro da ra e metelas na ra ou nas outras zonas de puntuación.

4. A persoa gañadora será quen consiga unha maior puntuación tendo en conta o seguinte: meter a ficha na ra son 50 puntos, no molinete 25 puntos, nas pontes 10 puntos e nos buracos 5 puntos. Ao finalizar o lanzamento súmanse todos os puntos.

5. As persoas concursantes deberán permanecer dentro do recinto fixado polo xuíz da proba durante a realización da mesma. O abandono do mesmo débeselle comunicar ao xuíz da proba xa que pode carrexar a descualificación.

6. En caso de empate realizarase un lanzamento máis para desempatar. Só deberá haber un gañador o gañadora.

7. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

8. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

9. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. Os responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.

10. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa gañador ou gañadora final

11. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de situación do Parque.

12. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

4.11. Tres en raia

Normas

1. Existen dúas categorias: I ata os 7 anos e II de 8 a 17 anos.

2. O obxectivo deste xogo: o xogador ou a xogadora debe tentar colocar as súas tres fichas formando unha liña antes de que o consiga o adversario e desta maneira gañar a partida.

3. O xogo das "tres en raia" é un xogo para dúas persoas xogadoras. Cada unha dispón de tres fichas coas que deberá conseguir una liña no taboleiro.

4. Entre as dúas persoas xogadoras decidirán mediante sorteo quen empeza.

5. A quen lle tocou xogar en primeiro lugar empeza a poñer ficha reservándolle a casa central, da que non se poderá mover no resto da partida.

6. A continuación quen intervén en segundo lugar coloca unha das súas fichas no taboleiro.

7. As persoas xogadoras van colocando as súas fichas no tabloeiro por quendas ata ter todas as súas fichas estean colocadas sobre o taboleiro.

8. A partires deste momento, deberá procederse de maneira un poco distinta, collerá unha das súas fichas e a colocará nunha casa que esté baleira (quen xogou en primeiro lugar non poderá mover en ningún momento a ficha que colocou en primeiro lugar no recuadro do centro).

9. As persoas xogadoras teñen que ir colocando e movendo as súas fichas seguindo algún tipo de estrateixa, a cal os leve a colocar as súas tres fichas formando unha liña antes que o seu adversario, gañando desta maneira a partida.

10. A inscrición só se pode realizar na zona onde se desenvolve o xogo e realizarana as persoas que organizan o xogo

11. O horario de cada xogo decidirase en función do número de persoas inscritas e decidirano as persoas que organizan o xogo.

12. Outorgarase un premio en cada final de cada unha das categorías. Os responsables do xogo decidirán os horarios e sesións nas que se desenvolverá este xogo.

13. A entrega de premios terá lugar ao finalizar o xogo e en canto haxa gañador ou gañadora final

14. As probas terán lugar no sitio asignado ao efecto no plano de situación do Parque.

15. A interpretación destas normas corresponde ao xuíz da proba; as súas decisións son inapelables.

5. Talleres

5.1 Graffitis

Taller de iniciación á arte urbana: graffiti.
Coñeceremos os principios básicos do muralismo urbano, na teoría e na práctica, e realizaremos entre todos e todas un mural conxunto con motivo do Día da Ciencia na Rúa.

Actividades

- Realización dun mural de 18 metros lineais (5 plafóns de 360 mm x 180 mm). Practicarase cos participantes, á vez que se desenvolve un deseño elaborado en relación á Casa das Ciencias.

- Realización dun traballo final do taller sobre 10 paneis DIN A2. Os da quenda da tarde traballarán sobre o dos da mañá. Estes paneis expoñeranse nunha zona do parque.

Horario

Mañá: 11:00 h a 14:00 h.
Tarde: 15:00 h a 18:00 h.

Condicións

- 20 participantes como máximo, con inscrición previa antes do dia da actividade. Hai 10 inscritos en horario de mañá e outros 10 en horario de tarde.
- A idade a mínima para participar é de 12 anos.

5.2 Taller de papiroflexia

Bases

1. Desenvolveranse de 11:00 a 18.30. Neste taller os monitores proporán varias figuras para construír.
2. Para facilitar o desenvolvemento desta actividade, o número de participantes en cada momento poderá ser variado polos monitores en función do espacio dispoñible e do dinamismo co que se realicen as prácticas, proporase, inicialmente, 8 participantes por cada figura.
3. Os participantes construirán as figuras seguindo as indicacións dos monitores.
4. Material que se entregará para o desenvolvemento da actividade:
   - Folio formato A4 de cores variadas.
   - Plano
   - Tesoiras.
5. O espazo no que se desenvolverán os talleres de papiroflexia indicase no plano de situación.

5.3 Artesanía no Parque. «Redeiras»

Obxectivo
Mostrar os seus traballos
Mostrar as diferentes artes de «tecer» as redes e outras artes relacionadas co seu oficio.

Actividades
Desenvolver o seu traballo diante dos visitantes tratando de poñer en valor a súa actividade fundamental para a pesca e hoxe en día para o vestir e a decoración.

6. Cocacoleando

Esta actividade é un xogo que se desenvolve nun circuíto que abarca toda a cidade. Lévano a cabo 25 equipos compostos por dous alumnos e alumnas dos centros participantes no XXIII Día d a Ciencia na Rúa. Dispoñen para iso de todo o día.

Horario

A actividade iníciase cunha reunión ás 10.00 h no anfiteatro do Parque de Santa Margarita, para dar as últimas instrucións aos participantes. A continuación todos os equipos despréganse pola cidade para realizar o traballo. Teñen que estar de volta no centro de operacións do Parque antes das 17.00 h para dispoñer de tempo suficiente, xa que teñen que realizar a redacción e montaxe da parte do traballo que hai que entregar en formato pdf. Ás 18.00 h deberán estar entregados todos os traballos ás persoas encargadas de recollelos.

Tipo de probas e valoración

A seis das probas daráselles resposta cubrindo con bolígrafo unhas fichas que levan quen participan. Nestas fichas e no resto do traballo o elemento identificativo é un número. A sétima proba entregarase en soporte informático e gardado en pdf. Constará de texto e fotografías. Estas fotografías non deberán pasar de 10 cm x 15 cm. As probas terán como escenarios: a Casa das Ciencias, a Domus, o Muncyt, a Torre de Hércules, o Aquarium e a Carpa de Coca-Cola, ademais dos restaurantes onde comerán as persoas participantes.

Veredicto do xurado

Cada unha das probas anteriores valoraranse cun máximo de 10 puntos (temos 70 puntos en xogo). Seis das probas son de dar respostas a preguntas concretas, valorando a certeza dos mesmas. A outra proba é un traballo de carácter máis aberto. Valorarase o rigor e a profundidade do seu desenvolvemento. O esforzo levado a cabo na presentación do mesmo tamén será tida en conta. A puntuación final do traballo aplícaselle un factor de corrección que ten relación co nivel educativo do curso ao cal pertenzan.

Entrega de premios

Terá lugar na sé de Coca-Cola na Avenida Alfonso Molina, s/n o martes día 5 de xuño do 2019.

7. Mascota

A nosa mascota chámase Medusa e ímola a ter todo o día polo parque de Santa Margarita. Aproveita para fotografarte e falar con ela.

9. Moeda oficial

O «Hawking» e a moeda oficial desta edición. Participa nas actividades que che propoñen nas diferentes haimas os distintos centros e entidades, e vai obtendo estas moedas como premio ao teu bo facer. Na haima de Organización (número 51) tes agasallos que podes conseguir con ese "diñeiro".

Non te atrases, xa que ás 18:30 horas remata esta actividade e pécha-se este capítulo, polo que non haberá ningún outro troco.

PATROCINAN

emalcsa

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE ECONOMÍA Y COMPETITIVIDAD
FECYT FUNDACIÓN ESPAÑOLA PARA LA CIENCIA Y LA TECNOLOGÍA

COLABORAN

Deputación DA CORUÑA

Autocares PEDRO POMBO

FANTASÍA ANIMACIÓN

MUNCYT
MUSEO NACIONAL DE CIENCIA Y TECNOLOGÍA

Coca-Cola
SIENTE EL SABOR

XUNTA DE GALICIA